

OS TIPOS DE PREDICADO

- O **predicado nominal** está formado por un verbo copulativo (*ser, estar, parecer, semellar*) e un complemento chamado **atributo**, que debe concertar en xénero e número co suxeito: *Amadou está preocupado*.
- O **predicado verbal** é aquel que ten como núcleo un verbo **predicativo**; isto é, todos os verbos excepto *ser, estar, parecer* ou *semellar*.

No predicado pode haber **complementos**, que completan a información que achega o verbo: *Amadou descubriu a mancha branca*.

Os verbos predicativos poden ser de dous tipos:

- **Intransitivos**, se teñen significado completo aínda que non leven complementos: *Mariña nada*.
- **Transitivos**, se necesitan algún complemento para que a oración teña sentido completo: *Os rapaces pousaron as cántaras*.

Fíxate

Os verbos intransitivos poden levar complementos, pero non son imprescindibles. É dicir: se os eliminamos, a oración segue a ter sentido. Por exemplo: *Amadou, Suki e Numbá corrían asustados cara ao poboado*. → *Amadou, Suki e Numbá corrían*.

Relaciona cada oración co seu atributo:

A auga estaba	moi interesante.
A nube semellaba	bastante fría.
Ese libro parece	una mancha branca.
O poboado é	moi grande.

Selecciona o núcleo dos predicados subliñados. Ao lado escribe PN se é predicado Nominal e PV se é predicado verbal.

- O manancial cada vez botaba menos auga.
- Todos ollaban ao lonxe, cara ao norte.
- É só una nube.
- A maioría dos rostros mostraban arrepío.
- A nube mudara de cor nun intre.
- O poboado estaba baleiro.

Escribe un complemento apropiado para as oracións que o precisen:

- Os nenos e as nenas xogaban.
- Marcos calveiro escribiu.
- A nai dixo.
- As vacas pastan.
- A auga inundou.
- A auga desapareceu.